

Primaria

Música 5

Programación

Anexo de avaliación

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos, para iso é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula para a avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Propoñemos aquí algunhas ferramentas para a avaliación de desempeños competenciais, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Unhas serán para o desenvolvemento común de competencias en todas as áreas, outras para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica nas distintas materias.

Ferramentas comúns de avaliación competencial

1. Rexistro de avaliación de cargos asignados e obxectivos de grupo cooperativo.
2. Gráfica de autoavaliación no seguimento de destrezas grupales.
3. Rúbrica para a avaliación da exposición de traballos.
4. Diario reflexivo no desenvolvemento da meta-aprendizaxe.
5. Rúbrica da expresión escrita.
6. Rexistro de avaliacións de resumos.
7. Rúbrica de espírito emprendedor e liderado.
8. Autoavaliación do uso do programa de presentacións dun ordenador.
9. Avaliación de exposición con apoio en material audiovisual.

Ferramentas específicas da área de Música 5.º de primaria

1. Rúbrica de avaliación para as creacións rítmicas.
2. Diana de autoavaliación do acompañamento de cancións.
3. Rexistro de avaliación sobre a busca de información sobre compositores.
4. Coavaliación intergrupos do musicograma realizado.
5. Rúbrica de avaliación: Interpretación musical con instrumentos de láminas.
6. Autoavaliación e coavaliación das investigacións sobre obras musicais de distintos autores
7. Escala de observación para o ditado rítmico.
8. Rúbrica de avaliación da interpretación musical con fruta doce.
9. Rexistro de observación de expresión corporal a través da música.

**Ferramentas
comúns
de avaliación competencial**



1. REXISTRO DE AVALIACIÓN DOS CARGOS ASIGNADOS E OBXECTIVOS DE EQUIPO

Roles	Alumno	Compromiso	Necesita mellorar, porque...	Fíxoo ben, porque...

Revisión dos obxectivos do equipo:					
Cumpríronse?		SI	NO N	Debemos mellorar, porque...	
1.	(Obxectivo 1)				
2.	(Obxectivo 2)				
3.	(Obxectivo 3)				

2. GRÁFICA DE AUTOAVALIACIÓN NO SEGUIMIENTO DE DESTREZAS DE GRUPO

Exemplo:



3. RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DA EXPOSICIÓN DE TRABALLOS

	4	3	2	1
Expresión oral	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente.	O vocabulario é un pouco básico, a exposición é clara.	Fáltalle vocabulario e ten problemas para expresar correctamente as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.
Volume de voz	O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado desde todas as partes da aula, sen ter que berrar.	O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que, ás veces, cando dúbida baixa o volume.	Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula.
Expresividade	As súas expresións faciais e linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros.	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran en moitas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces se perde e non presenta toda a información.	As súas expresións faciais mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese. Pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito é capaz de mostrar algo de entusiasmo.	Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar.
Inclusión dos aspectos relevantes	Expón claramente o traballo no que achega referencias aos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización.
Explicación do plan de traballo	Explica cada paso detalladamente con lóxica e cronoloxicamente na orde en que o realizaron.	Explicou todos os pasos claramente, pero liouse na orde e foi necesario reorganizarlle a través de preguntas.	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade.	Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de forma guiada.

4. DIARIO REFLEXIVO NO DESENVOLVEMENTO DA METAAPRENDIZAXE

Reflexiona sobre as dificultades que te encontras nas túas aprendizaxes.

Que dificultades encontras á hora de aprender? Que fas cando...?	Que poderías facer? Como poderías facelo a próxima vez?
... tes dúbidas?	
... non entendiches algo?	
... non es capaz de aprender algún aspecto da materia?	
... non te motiva o que estudas?	
... preocupaste polo traballo?	
... (outros)	

Conta agora unha experiencia de éxito nas túas aprendizaxes.

Cal foi o teu logro?	Como o conseguiches?

Podes aplicar o que fixeches noutros contextos:

5. RÚBRICA DA EXPRESIÓN ESCRITA

	4	3	2	1
Partes do texto	O texto contén todas as partes suxeridas polo profesor: título, comezo, desenvolvemento e finalización.	Ao texto fáltalle algunha parte esixida polo profesor.	Ao texto fáltanlle dous ou tres partes.	Texto sen elaboración e sen título.
Elementos traballados durante a unidade	No texto o alumno fai referencia ao traballado na unidade con detalles de cuestións que aprendeu ou que lle chamaron a atención.	O alumno fai referencia ao traballado na unidade sen entrar en demasiados detalles do aprendido.	Só nomea por enriba algún aspecto traballado na unidade.	Non nomea o traballado na unidade.
Creatividade	O alumno achega moito máis do aconsellado polo profesor, incluíndo frases e partes do texto pensados de xeito diferente por el ou ela.	O alumno fai achegas ás pautas ofrecidas polo profesor para realizar o texto escrito.	O alumno só fai algunha achega persoal ás indicacións suxeridas polo profesor para facer o texto.	Non hai ningunha achega diferente ás suxeridas polo profesor.
Vocabulario empregado	Vocabulario rico, variado, sen repeticións e con palabras e expresións aprendidas na unidade.	Vocabulario variado e rico, aínda que con poucas palabras aprendidas na unidade.	Vocabulario algo repetitivo e sen palabras novas aprendidas.	O vocabulario empregado é pobre e repetitivo.
Corrección ortográfica	O texto está escrito sen erros ortográficos significativos. Uso correcto das maiúsculas e dos signos de puntuación	Contén algúns erros ortográficos, pero non de maiúsculas ou de signos de puntuación.	Ten algún erro de maiúsculas ou de signos de puntuación.	Non usa as maiúsculas nin os signos de puntuación.
Extensión	20 liñas ou máis.	Entre 10 e 15 liñas.	Entre 8 e 10 liñas.	Menos de 8 liñas.

7. RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE ESPÍRITO EMPRENDEDOR E LIDERADO

<p>Manexa habilidades de negociación na toma de decisións de grupo?</p>	<p>Escoita con atención cal é a posición do outro. Xera alternativas de solución intentando integrar os intereses de ambos os dous e consegue alcanzar acordos.</p>	<p>Escoita as posicións dos seus compañeiros e mostra intención de chegar a acordo. Nalgúns casos superpón o seu interese ao dos demais, pero é capaz de recoñecelo e corríxilo.</p>	<p>Escoita os seus compañeiros, pero na negociación trata de impoñer o seu criterio, o que dificulta a toma de acordos grupales.</p>	<p>Asume as decisións dos demais sen defender a súa postura ou intenta impoñer o seu criterio sen importarlle o que opinen os outros.</p>
<p>Mostra iniciativa á hora de abordar traballos en equipo?</p>	<p>Dende o primeiro momento diríxese aos seus compañeiros de grupo, mostra entusiasmo pola tarefa do grupo, asume as súas responsabilidades.</p>	<p>Mostra entusiasmo pola tarefa grupal e asume as súas responsabilidades, aínda que ante as dificultades se desanima con facilidade</p>	<p>Mostra entusiasmo cando se lle propón unha tarefa grupal, pero non asume as súas responsabilidades e o seu nivel de implicación no grupo non é moi alto.</p>	<p>A súa actitude é absolutamente pasiva no traballo de grupo. Espera sempre a ver que fan ou propoñen os demais.</p>
<p>Crea un bo clima no traballo dun equipo?</p>	<p>Asume de bo grado o rol que lle corresponde. Preocúpase por cada un dos membros do grupo, ánimaos e atende por igual.</p>	<p>Asume as responsabilidades do rol encomendado. Preocúpase por todos os membros do grupo, pero non mostra habilidades para acompañalos no proceso de traballo.</p>	<p>Non trata os seus compañeiros por igual no desenvolvemento da función. Déixase levar polas súas afinidades persoais ou as expectativas que ten sobre eles.</p>	<p>Non se preocupa polos seus compañeiros e xera tensións pola súa actitude no traballo do grupo.</p>

8. AUTOAVALIACIÓN DO USO DO PROGRAMA DE PRESENTACIÓNS DO ORDENADOR

	Fágoo só	Fágoo só pero con algunha indicación	Fágoo con axuda	Non o podo facer
Conecto o ordenador				
Entro no programa				
Escribo un texto nunha diapositiva				
Achego unha fotografía á diapositiva				
Modifico o tamaño e a forma do texto e da fotografía				
Modifico o fondo da diapositiva				
Engado algunha nova diapositiva				
Introduzo efectos de transición entre diapositivas				
Engado efectos de aparición ao texto ou ás fotografías				
Adxunto gráficas á presentación				
Gardo o traballo realizado				
Recupero a presentación cando a necesito				

9. AVALIACIÓN DE EXPOSICIÓN CON APOIO EN PRESENTACIÓN AUDIOVISUAL

Alumno:		Mal/pouco	Regular	Ben	Moi ben
Antes da presentación	Saúdo adecuado, presentación inicial.				
Presentación	Textos adecuados ás fotografías expostas.				
	Fotografías de calidade adecuada.				
	Uso de animacións e transicións.				
	Creatividade (fondos, letras e animacións diversas e variadas).				
Contido	Uso do vocabulario básico da unidade.				
	Uso do vocabulario máis amplo relacionado coa unidade.				
	Frases ben construídas gramaticalmente.				
	Corrección ortográfica.				
	Creatividade (introduce outras expresións ou frases).				
Despois da presentación	Final, despedida correcta.				
Extensión	Número de diapositivas, texto e fotografías...				
Observacións para o alumno:					


**Ferramentas
específicas
da área**

Música 5

1. RÚBRICA DE AVALIACIÓN PARA AS CREACIÓNS RÍTMICAS

	4	3	2	1
Utilización de figuras musicais	Utiliza todas as figuras musicais aprendidas e os elementos de repetición e acentuación.	Utiliza todas as figuras musicais aprendidas, pero non inclúe aspectos sobre a repetición e a acentuación.	Utiliza a maioría das figuras musicais aprendidas, pero non respecta a acentuación nin inclúe elementos de repetición.	Utiliza poucas das figuras aprendidas e non fai uso dos elementos de acentuación e repetición.
Respecto dos tempos por compases	Cadra todos os compases cos tempos das figuras musicais incluídas.	Cadra a maioría dos compases cos tempos das figuras musicais e silencios incluídas.	Comente erros ao completar os compases cos tempos adecuados.	Non completa os compases, pásase ou quédase curto nos tempos contemplados.
Calidade da creación	A creación é variada en todos os seus compases e cadra perfectamente co tempo e acentuación do compás.	A creación é variada en todos os seus compases, pero ás veces prodúcense conflitos de tempo ou acentuación no compás.	A creación é repetitiva aínda que respecta a acentuación e tempo nos compases.	A creación é moi repetitiva e non respecta a acentuación e tempo dos compases.
Orixinalidade	Sorprende coa súa creación e inclúe aspectos inéditos nela.	Sorprende coa súa creación, pero emprega elementos xa coñecidos.	Non sorprende coa súa creación aínda que inclúe algúns aspectos relevantes.	A creación carece de orixinalidade e non inclúe ningún aspecto inédito.


2. DIANA DE AUTOAVALIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO DE CANCIÓNS



Que aspectos podo mellorar?

Como podo melloralos?

4. COAVALIACIÓN INTERGRUPOS DO MUSICOGRAMA REALIZADO



Nomes:

Azul _____

Verde _____

Amarelo _____

Vermello _____

5. RÚBRICA DE AVALIACIÓN: INTERPRETACIÓN MUSICAL CON INSTRUMENTOS DE LÁMINAS

	4	3	2	1
Axuste percusivo	Axusta as percusións ao ritmo métrico da canción sen perder o tempo.	Axústase ao ritmo métrico da canción aínda que ás veces se adianta ou atrásase no tempo.	Axústase ao ritmo métrico da canción, pero non respecta o tempo dela.	Non se axusta ao ritmo métrico nin respecta o tempo da canción.
Selección de placas	Percute sobre as placas adecuadas sen necesidade de seleccionarlás.	Percute sobre as placas adecuadas seleccionando as notas a interpretar.	A pesar da selección de placas non percute sobre as notas adecuadas.	Non percute sobre as notas adecuadas porque non coñece a colocación das notas no instrumento.
Posición do corpo e os brazos	Colócase correctamente ante o instrumento, cos brazos lixeiramente flexionados e as baquetas en liña cos cóbados.	Colócase correctamente ante o instrumento, cos brazos flexionados, pero non coloca as baquetas adecuadamente.	Colócase fronte ao instrumento, pero a posición dos brazos e as baquetas non é a adecuada.	Mantén unha mala postura fronte ao instrumento que fai moi difícil a correcta execución coas baquetas.
Seguimento de partitura e dirección	Memoriza a partitura e utilízaa unicamente como guía, mirando á fronte cara a ao director a maior parte do tempo.	Necesita ler a partitura para seguir a canción, pero está pendente do director.	Mira excesivamente a partitura e perde de vista a dirección da obra.	Pérdese na partitura e non é capaz de seguir as indicacións do director.

6. AUTOAVALIACIÓN E COAVALIACIÓN DAS INVESTIGACIÓNS SOBRE OBRAS MUSICAIS DE DISTINTOS AUTORES

Nome do alumno: _____

Alumno	
Onde buscastes a resposta? Nome da páxina ou páxinas web visitadas, libros consultados ou outras fontes.	
Cal delas consideras a mellor fonte de información?	
Por que cres que é fiable a información que encontraches?	
A raíz da túa investigación, que obras musicais son as máis importantes do autor?	

Outras respostas dadas por compañeiros.	Frecuencia destas (anota unha cruz por cada vez que un compañeiro repita a mesma resposta).	Cambiarías a túa resposta agora? Si/Non e por que.

8. RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA INTERPRETACIÓN MUSICAL CON FRAUTA DOCE

	4	3	2	1
Axústase ao pulso	Interioriza o pulso da canción e respéctao durante toda a obra.	Interioriza o pulso da canción pero un váiselle en certos momentos da obra.	Non respecta o pulso da canción nin logra interiorizar o.	Interioriza o pulso da canción, pero un váiselle en certos momentos da obra.
Interpreta a partitura (convencional ou non convencional)	Le e descodifica a linguaxe musical levándoo a cabo na súa interpretación.	Le e descodifica a linguaxe musical, pero cústalle executalo co instrumento.	Non descodifica a linguaxe musical e é incapaz de interpretar a partitura.	Le e descodifica a linguaxe musical, pero cústalle executalo co instrumento.
Atende as instrucións do director	Mira sempre ao director e modifica a súa interpretación atendendo as instrucións deste.	Mira sempre ao director, pero non modifica a súa interpretación en consonancia coas súas instrucións.	Non mira ao director, non atende as súas instrucións para orientar a interpretación.	Mira sempre ao director, pero non modifica a súa interpretación en consonancia coas súas instrucións.
Postura corporal	Móstrase ergueito, mirando á fronte e cunha posición de mans relaxada e sen apertar.	Móstrase ergueito, mirando á fronte, pero está tenso na posición das mans.	Está curvado mirando cara a abaixo e coas mans tensas.	Móstrase ergueito, mirando á fronte pero está tenso na posición das mans.
Respecta os silencios e tempos de espera na interpretación	Respecta o silencio nos ensaios e actuación, sen distorsionar os momentos de espera entre as interpretacións.	Respecta o silencio nos ensaios e actuación, pero toca a frauta nalgunhas ocasións a destempo.	Toca a frauta cando lle apetece e non respecta os tempos de espera na interpretación.	Respecta o silencio nos ensaios e actuación pero toca a frauta nalgunhas ocasións a destempo.

10. GUIÓN PARA PORTFOLIO PARA A RECOLLIDA DE EVIDENCIAS DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ANTES DE EMPEZAR A TRABALLAR:

NOME DO NENO: _____

PRESENTACIÓN DO ALUMNO

QUE É O QUE MÁIS ME GUSTA DA CLASE DE MÚSICA?

QUE É O QUE MENOS ME GUSTA?

QUE APRENDICHES DURANTE O CURSO/TRIMESTRE?

QUE É O QUE MÁIS CHE CUSTOU APRENDER? POR QUE?

DE QUE TRABALLO TE SENTES MÁIS ORGULLOSO? POR QUE?

CAL É A ACTIVIDADE NA QUE SACACHES MELLOR NOTA? POR QUE CRES QUE FOI?

CALES SON OS TEUS RETOS A NIVEL MUSICAL? QUE PODES FACER PARA MELLORAR NESTE ASPECTO?

COMO DESCRIBIRÍAS O TEU NIVEL MUSICAL?

CAL É A ÚLTIMA OBRA MUSICAL QUE ESCOITACHES? CAL A QUE MÁIS CHE GUSTOU DAS QUE VICHES DURANTE O CURSO? POR QUE?

